

5 LOCAIS DE ENSAIOS MUSICAIS

Os locais de ensaios musicais, un sito nun anexo á Casa da Xuventude e outro no Espazo Mozo do Castro, son espazos físicos pensados por e para moz@s de Vigo con afeccións musicais. Sabemos que Vigo ten unha gran tradición musical e por iso non é de estrañar a gran cantidade de xente moza que ten entre as súas afeccións a música. Tamén somos conscientes da dificultade destes rapaces e rapazas para poder levar a cabo as súas iniciativas. Así pois, dende a Casa da Xuventude buscamos distintas alternativas para apoiarnos neste eido.

5.1. Servizos

- Un espazo físico onde poder ensaiar dotado de:
 - Paredes insonorizadas
 - Equipamento básico de son e instrumentos
 - Taboleiro para información
 - Bancos e cadeiras
- Asesoramento de como empregar o equipo de son do local de ensaio
- Contactos con outr@s moz@s que teñen afeccións musicais
- Información de temática musical

5.2. Compromisos cos usuarios e usuarias

- **Ensaio:** este local ofrece a posibilidade de ensaiar tres horas á semana (ben sexa en dúas quendas de hora e media cada unha ou ben as tres horas seguidas), sempre e cando haxa horario dispoñible. Os horarios elabóranse mensualmente, outorgándose a cada grupo ou formación musical unhas horas de ensaio predeterminadas.
- **Asesoramento:** o local conta cunha persoa encargada da súa dinamización e bo funcionamento. Esta persoa asesoraravos sobre todo aquilo que teña que ver co rendemento do local e co equipo de son co que conta.
- **Contactos:** tamén podemos axudarche a contactar con outr@s moz@s con inquietudes musicais para rematar de conformar a túa formación, realizar actividades conxuntas ou intercambiar información.
- **Información:** nos locais de ensaios dispomos de varios taboleiros onde poderás atopar información actualizada sobre varios temas de interese: actuacións, concursos, cursos, etc., e tamén para deixar os teus anuncios relacionados coa música. A Concellaría tamén conta cunha páxina web onde poderás atopar e deixar información, sobre todo no seu Foro.

5.3. O que esperamos dos usuarios e usuarias

- Coidado e bo uso tanto dos locais de ensaios como dos equipos dos que dispón.
- Cando remate o voso ensaio, colocade todo no seu respectivo lugar e deixádeo como o atopastes.
- Respectade os horarios marcados para os ensaios; os demais tamén queren ensaiar os seus temas.

- Se algún día non podedes acudir a ensaiar, avisádenos con anterioridade suficiente; outro grupo pode aproveitar ese tempo.
- Se tendes algunha suxestión que facernos, non o dubidedes; axudarédesnos a mellorar o servizo.

5.4. Como acceder

- Para poder empregar algún dos locais como lugar de ensaio tendes que dirixirvos á Casa da Xuventude e anotarvos, deixando tamén un número de teléfono de contacto. Tamén podedes descargar o formulario da páxina web desta Concellaría www.xuventudevigo.org ou da do Concello www.vigo.org e facela chegar á Casa da Xuventude. En canto haxa horario dispoñible chamarémosvos.
- Se o que desexades é tan só obter información e/ou contactar con outra xente relacionada coa música, non fai falla que estedes a ensaiar nos locais. Podedes poñervos en contacto connosco, xa sexa presencialmente, por teléfono, fax ou correo electrónico ou ben participar no Foro da páxina web da Concellaría de Xuventude.

Casa da Xuventude r/ López Mora, 31 – 36211 Vigo
 Tfno.: 986 294 806
 Fax :986 294 934
xuventude@vigo.org
www.xuventudevigo.org

Horarios:

De luns a venres: de 11:00h a 14:00h e de 17:00h a 21:00h

No mes de agosto os locais de ensaios permanecerán pechados

5.5. Indicadores de funcionamento

- Nº de formacións ensaiando cada mes
- Nº de xoves ensaiando mensualmente
- Porcentaxe de formacións ensaiando tres horas semanais
- Nº de demandas atendidas para asesoramento
- Nº de demandas para establecer contactos con otr@s.moz@s
- Nº de demandas presenciais de información
- Porcentaxe de demandas presenciais atendidas no momento
- Nº de demandas telefónicas para información
- Porcentaxe de demandas telefónicas atendidas no momento
- Nº de demandas de información por fax
- Porcentaxe de demandas por fax atendidas antes de tres días
- Nº de demandas de información por correo electrónico recibidas
- Porcentaxe de demandas por correo electrónico atendidas antes de tres días
- Porcentaxe de usuarios satisfeitos co servizo